



BENEFICIOS FISCAIS

11 BENEFICIOS FISCAIS

As normas tributarias contemplan medidas favorables ás persoas con discapacidade que anualmente son revisadas, se ben dende as organizacións de persoas con discapacidade, seguimos a reivindicar unha política fiscal inclusiva que incorpore a variable da discapacidade.

É importante consultar a páxina web da Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA): <http://www.atriga.gal/es/a-axencia-tributaria-de-galicia> e tamén a información da Axencia Tributaria (AEAT): <https://sede.agenciatributaria.gob.es/>

Os impostos son as contías de cartos que se pagan á Administración (tanto estatal, autónoma como local) para contribuír á Facenda Pública, e son ingresos que teñen para financiar as necesidades públicas e colectivas. Son prestacións dinerarias que temos a obriga de aboar por lei.

Clasifícanse en Impostos directos, destacando o Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas (IRPF), o imposto sobre a Renda de non Residentes; Imposto sobre Sociedades; Imposto sobre Sucesións e Doazóns; Imposto sobre o Patrimonio.

IMPOSTOS DIRECTOS:

1 IMPOSTOS SOBRE O PATRIMONIO

CONCEPTO:

É un tributo de carácter directo e natureza persoal que grava o patrimonio neto das persoas físicas. Constitúe o patrimonio neto da persoa física o conxunto de bens e dereitos de contido económico do que se é titular, deducidas as cargas e gravámenes que diminúen o seu valor, así como as débedas e obrigas persoais das que se debe responder.

A previsión xeral deste imposto parte do mínimo exento, da aplicación do tipo de gravame e a aplicación de deducións e bonificacións.

Dito Imposto non contempla ningún beneficio aplicable ás persoas con discapacidade a nivel estatal nin autonómico.

2 IMPOSTOS SOBRE A RENDA DE PERSOAS FÍSICAS (IRPF)

Recordatorio: Do 3 de abril ata o 1 de xullo de 2024: presentación por Internet das declaracións de Renda e Patrimonio 2023.

Do 7 de maio ata o 1 de xullo de 2024 a Axencia Tributaria poderalle confeccionar a súa declaración de Renda 2023 por teléfono (solicitud de cita desde o 29 de abril ata o 28 de xuño).

Do 3 de xuño ao 1 de xullo de 2024: a Axencia Tributaria poderalle confeccionar a súa declaración de Renda 2023 presencialmente nas súas oficinas (solicitud de cita desde o 25 de maio ata o 29 de xuño).

CONCEPTO:

É un tributo de carácter persoal e directo que grava as rendas obtidas polas persoas físicas, tanto os rendementos de traballo, os rendementos de capital, os rendementos das actividades económicas, as ganancias e perdas patrimoniais e as imputacións de renda establecidas por lei.

As normas reguladoras deste imposto prevén unha serie de medidas tributarias para adecuar a carga impositiva ás circunstancias persoais e familiares, á capacidade contributiva das persoas con discapacidade ou ás persoas de quen dependen (diversos mínimos persoais e familiares, exención de rendas sometidas a tributación, adecuación da base liquidable á condición da persoa con discapacidade ou a determinados contribuíntes que aplican parte das súas rendas a persoas con discapacidade, reducións e deducións, etc., ...).

É un imposto que está cedido parcialmente ás Comunidades Autónomas de xeito que se diferencian cotas autonómicas e estatais. A regra xeral é que o período impositivo será o ano natural e devengarase o 31 de decembro de cada ano, agás supostos de falecemento da persoa contribuínte.

DEFINICIÓN E ACREDITACIÓN DA DISCAPACIDADE:

Para os efectos do imposto sobre a Renda teñen a consideración de persoas con discapacidade aquelas contribuíntes que acrediten un grao de discapacidade igual ou superior ao 33%. Considerarase acreditado un grao de discapacidade aos efectos deste imposto:

- Igual ou superior ao 33% aos pensionistas da Seguridade Social que teñan recoñecida unha pensión de incapacidade permanente total, absoluta ou gran invalidez e aos pensionistas de Clases Pasivas que teñan recoñecida unha pensión de xubilación ou retiro por incapacidade permanente para o servizo ou inutilidade.

- Igual ou superior ao 65%, cando se trate de persoas con discapacidade cuxa incapacidade fose declarada xudicialmente na orde civil, aínda que non alcancen devandito grao.

-Así como nos casos de dependencia severa e gran dependencia, sempre que estas últimas situacións sexan recoñecidas polo órgano competente.

Consideraranse persoas con mobilidade reducida:

- As persoas cegas ou con deficiencia visual e, en todo caso, as afiliadas á Organización Nacional de Cegos Españois (ONCE) que acrediten a súa pertenza á mesma mediante o correspondente certificado.

- As **persoas titulares da tarxeta de estacionamento** para persoas con discapacidade emitidas polas Corporacións Locais ou, no seu caso, polas Comunidades Autónomas, quen deberán contar co certificado ou resolución expedido polo Instituto de Maiores e Servizos Sociais (IMSERSO) ou órgano competente da Comunidade Autónoma correspondente, acreditativo da mobilidade reducida.

Forma de acreditar estes extremos: O grao de discapacidade deberá acreditarse mediante certificado ou resolución expedido polo Instituto de Migracións e Servizos Sociais (IMSERSO) ou polo órgano competente das Comunidades Autónomas (EVO). A necesidade de axuda de terceiras persoas ou a mobilidade reducida deberá igualmente acreditarse mediante certificado ou resolución expedidos polos organismos citados, segundo ditame dos Equipos de Valoración e Orientación competentes.

QUEN TEN OBRIGA DE PRESENTAR A DECLARACIÓN:

- Persoas contribuíntes que obtiveran rendas superiores a determinados importes.
- Persoas perceptoras do Ingreso Mínimo Vital así como todos os membros das súas unidades de convivencia.

- Persoas contribuíntes que, con independencia da contía e natureza ou fonte das rendas obtidas que tiveran dereito á dedución por inversión na vivenda habitual, por conta aforro-empresa, dobre imposición internacional, ou realizaran aportacións a patrimonios protexidos de persoas con discapacidade, plans de pensións, de previsión social, seguros de dependencia ou mutualidade que reduzan a base impositiva, se exercitan o correspondente dereito nese ano.

- Persoas contribuíntes que soliciten devolución derivada da normativa do IRPF (por razón de retencións e ingresos a conta soportados, das deducións por maternidade, familia numerosa ou persoas con discapacidade a cargo).

RENDAS EXENTAS:

Non todas as rendas ou rendementos que se perciben ao longo do ano están suxeitas a tributación. Se ben, aparece unha relación extensa na norma, están directas ou indirectamente relacionadas coa situación de discapacidade as seguintes:

- **As prestacións públicas extraordinarias por actos de terrorismo e as pensións derivadas** de medallas e condecoracións concedidas por actos de terrorismo.

- As **axudas** de calquera clase percibidas polos afectados polo virus de inmunodeficiencia humana.

- As **pensións recoñecidas en favor daquelas persoas que sufriron lesións ou mutilacións** con ocasión ou como consecuencia da Guerra Civil.

- As **indemnizacións** como consecuencia de **responsabilidade civil por danos persoais** na contía legal ou xudicialmente recoñecida. Igualmente estarán exentas as indemnizacións por idéntico tipo de danos derivadas de contratos de seguro de accidentes.

- As **indemnizacións por despedimento ou cesamento** do traballador/a, na contía establecida con carácter obrigatorio no Estatuto dos Traballadores.

- As **prestacións recoñecidas** ao contribuínte **pola Seguridade Social** ou polas entidades que a substitúan como consecuencia de incapacidade permanente absoluta ou gran invalidez. A contía exenta terá como límite o importe da prestación máxima que recoñeza a Seguridade Social polo concepto que corresponda. O exceso tributaría como rendemento do traballo.

- As **pensións por inutilidade ou incapacidade permanente** do réxime de clases pasivas, sempre que a lesión ou enfermidade que fose causa daquelas inhabilitase por completo ao perceptor da pensión para toda profesión ou oficio.

- As **prestacións por maternidade ou paternidade** e as familiares non contributivas reguladas. A contía exenta das retribucións ou prestacións referidas neste parágrafo terá como límite o importe da prestación máxima que recoñeza a Seguridade Social polo concepto que corresponda. O exceso tributaría como rendemento do traballo. Igualmente estarán exentas as demais prestacións públicas por nacemento, parto ou adopción múltiple, adopción, maternidade ou paternidade, fillos/as a cargo e orfandade.

- As **prestacións económicas percibidas de institucións públicas con motivo do acollemento de persoas con discapacidade**, maiores de 65 anos ou menores, sexa na modalidade simple, permanente ou preadoptivo ou as equivalentes previstas nos ordenamentos das Comunidades Autónomas, incluído o acollemento na execución da medida xudicial de convivencia do/a menor con persoa ou familia previsto na Lei Orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores. Igualmente estarán exentas as axudas económicas outorgadas

por institucións públicas a persoas con discapacidade cun grao de discapacidade igual ou superior ao 65 por cento ou maiores de 65 anos para financiar a súa estancia en residencias ou centros de día, sempre que o resto das súas rendas non excedan do dobre do indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM 2022: 8.106.28 € - Límite: 8.106.28 € x 2 = 16.212,56 €).

- As **bolsas públicas**, as bolsas concedidas polas entidades sen fins lucrativos.

- As **anualidades por alimentos** percibidas dos pais en virtude de decisión xudicial.

- As **prestacións por desemprego** recoñecidas pola respectiva entidade xestora cando se perciban na modalidade de pago único. Esta exención estará condicionada ao mantemento da acción ou participación durante o prazo de cinco anos, no caso de que o/a contribuínte se integrara en sociedades laborais ou cooperativas de traballo asociado ou realizara unha achega ao capital social dunha entidade mercantil ou ao mantemento durante idéntico prazo, da actividade, no caso do traballador autónomo.

- Os **rendementos do traballo** percibidos por traballos efectivamente realizados **no estranxeiro**, cuns requisitos.

-As **indemnizacións satisfeitas polas Administracións públicas** por danos persoais como consecuencia do funcionamento dos servizos públicos.

- As derivadas da aplicación dos instrumentos de cobertura **cando cubran exclusivamente o risco de incremento do tipo de interese variable** dos préstamos hipotecarios destinados á adquisición da vivenda habitual.

- As **rendas que se poñan de manifesto no momento da constitución de rendas vitalicias** aseguradas resultantes dos plans individuais de aforro sistemático.

- Os **rendementos do traballo derivados das prestacións obtidas en forma de renda polas persoas con discapacidade** correspondentes ás achegas ás que se refire o artigo 53 desta Lei, ata un importe máximo anual de tres veces o IPREM (IPREM 2023: 8.400€ / Límite: 8.106.28 € x 3 =25.200€). Igualmente estarán exentos co mesmo os rendementos do traballo derivados das achegas a patrimonios protexidos das persoas con discapacidade.

- As **prestacións económicas públicas vinculadas ao servizo, para coidados na contorna familiar e de asistencia personalizada** que se derivan da Lei de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás Persoas en Situación de Dependencia.

- A **prestación da Seguridade Social do Ingreso Mínimo Vital**, as prestacións económicas establecidas polas Comunidades Autónomas en concepto de renda mínima de inserción para garantir recursos económicos de subsistencia ás persoas que carezan deles así como as demais axudas establecidas por estas ou por entidades locais para atender, conforme á súa normativa, a colectivos en risco de exclusión social, situacións de emerxencia social, necesidades habitacionais de persoas sen recursos ou necesidades de alimentación, escolarización e demais necesidades básicas de menores ou persoas con discapacidade cando eles e as persoas ao seu cargo, carezan de medios económicos suficientes, ata un importe máximo anual conxunto de 1,5 veces o indicador público de rendas de efectos múltiples.

- Así mesmo, estarán exentas as axudas concedidas ás **vítimas de delitos violentos** ás que se refire a Lei 35/1995, do 11 de decembro, de axudas e asistencia ás vítimas de delitos violentos e contra a liberdade sexual, e as axudas previstas na Lei Orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero, e demais **axudas públicas satisfeitas a vítimas de violencia de xénero** por tal condición.

- As **prestacións e axudas familiares** percibidas de calquera das Administracións Públicas, xa sexan vinculadas a nacemento, adopción, acollemento ou coidado de fillos/as menores.

- As cantidades percibidas como consecuencia das **disposicións que se fagan da vivenda habitual por parte das persoas maiores de 65 anos así como das persoas que se atopen en situación de dependencia severa ou de grande dependencia**, sempre que leven a cabo de conformidade coa regulación financeira relativa aos actos de disposición de bens que conforman o patrimonio persoal para asistir as necesidades económicas da vellez e da dependencia.

NOVIDADES NORMATIVAS EN MATERIA DE IRPF

Pode consultar todas as novidades legislativas recentes en materia de IRPF na seguinte ligazón:

<https://sede.agenciatributaria.gob.es/Sede/irpf/novedades-impuesto/novedades-normativa-2023/principales-novedades-orden-hfp-1359-diciembre.html>

REDUCIÓNS APLICABLES:

Do conxunto de rendas percibidas que tributan hai que aplicar unha serie de reducións da base imponible relacionadas coa discapacidade, sendo estas:

X As aportacións a patrimonios protexidos das persoas con discapacidade reguladas na Lei 41/2003, de 18 de novembro, de protección patrimonial das persoas con discapacidade, terán un tratamento fiscal máis beneficioso que varía en función da persoa que faga a citada aportación. Ao final deste apartado hai máis información sobre o patrimonio protexido.

Hai que recordar que só se poden formalizar patrimonios protexidos a favor de persoas con discapacidade intelectual ou por enfermidade mental en grao igual ou superior ao 33% así como a favor das persoas con discapacidade física ou sensorial en grao igual ou superior ao 65%.

As persoas contribuíntes que fagan aportacións a un patrimonio protexido poden ser as propias persoas con discapacidade beneficiarias do mesmo, o pai, a nai, o cónxuxe así como as persoas que o tiveran ao seu cargo en réxime de tutela ou acollemento, ou gardador de feito.

Malia iso, só poden beneficiarse da redución no IRPF e, polo tanto, ter dereito á redución as persoas que teñan unha relación de parentesco en liña directa ou colateral ata o 3º grao inclusive, coa persoa con discapacidade; o

cónxuxe da persoa con discapacidade; persoas que tiveran ao seu cargo en réxime de tutela ou acollemento, que realicen aportacións aos citados patrimonios protexidos.

A contía da redución será: as achegas realizadas, que poderán ser dinerarias ou non dinerarias, darán dereito a reducir a base imponible do aportante, co límite máximo de 10.000 € anuais. O conxunto das reducións practicadas por todas as persoas que efectúen achegas a favor dun mesmo patrimonio protexido non poderá exceder de 24.250 € anuais. No seu caso, cando concorran varias achegas ao mesmo patrimonio protexido e se supere o límite de 24.250 euros, a redución debe facerse de forma proporcional ao importe das devanditas achegas. Cando as achegas excedan dos límites previstos ou naqueles casos en que non proceda a redución por insuficiencia de base imponible, terase dereito á redución nos catro períodos impositivos seguintes ata esgotar en cada un deles os importes máximos de redución. En caso de concorrencia aplicarase en primeiro lugar a redución de exercicios anteriores.

- Cando as persoas aportantes sexan persoas físicas terán a consideración de rendementos de traballo ata o importe de 10.000 € anuais por cada aportante e 24.250 € anuais en conxunto.
- Cando os aportantes sexan suxeitos pasivos do Imposto sobre Sociedades terán a consideración de rendementos de traballo sempre que fose gasto deducible no Imposto sobre Sociedades, co límite de 10.000 €

anuais. Este límite é independente dos anteriores. Cando estas achegas se realicen a favor dos parentes, cónxuxes ou persoas a cargo dos empregados/as do aportante, unicamente terán a consideración de rendementos de traballo para o titular do patrimonio protexido. Estes rendementos están exentos, ata un importe máximo anual de 3 veces o IPREM (IPREM 2022: 8.106.28 €. Límite: 8.106.28 € x 3 = 24.318,84 €). Este límite aplícase conxuntamente para as prestacións en forma de renda derivadas de sistemas de previsión social de persoas con discapacidade.

X A redución derivada dos plans de pensións e outros sistemas de previsión social constituídos a favor de persoas con discapacidade: poderán constituirse pensións ou outros sistemas de previsión social (plans de previsión social empresarial, seguros de dependencia, mutualidades de previsión social, etc, ...) a favor de persoas con discapacidade intelectual e/ou enfermidade mental en grao igual ou superior ao 33%; persoas con discapacidade física ou sensorial en grao igual ou superior ao 65% así como a favor de persoas que teñan unha incapacidade declarada xudicialmente con independencia do seu grao de discapacidade. Poden ter dereito a redución da súa base imponible os/as contribuíntes que realicen ditas aportacións, sexan a propia persoa con discapacidade partícipe así como as persoas

que relicen ditas aportacións que teñan relación de parentesco coa persoa con discapacidade en liña directa ou colateral ata 3º grao inclusive, a persoa cónxuxe ou quen a tivese ao seu cargo en réxime de tutela ou acollemento.

A contía da redución será:

	Persoa con discapacidade partícipe	Cada unha das persoas emparentadas coa persoa con discapacidade
Redución anual máxima	24.250 €	10.000 € *1
Redución anual máxima conxunta	24.250 € *2	

As aportacións que non se puideran reducir por insuficiencia da base imponible poden ser reducidas nos 5 exercicios seguintes, se así se solicitan na respectiva declaración de IRPF.

As prestacións recibidas constitúen rendementos de traballo no momento da súa percepción para as persoas con discapacidade. A mesma cualificación procederá en caso de disposición anticipada dos dereitos consolidados.

As prestacións en forma de renda estarán exentas ata un importe máximo de 3 veces o IPREM (IPREM 2022: 8.106,28 €. Límite: 8.106,28 € x 3 = 24.318,84 €) e ese límite aplicarase conxuntamente cos rendementos de

traballo derivados das aportacións a patrimonios protexidos de persoas con discapacidade.

Existen outras reducións que se aplican á base liquidable do IRPF por tributación conxunta, por pensións compensatorias ou por aportacións a mutualidades de previsión social a favor de deportistas, que xa non recollen especificidades para persoas con discapacidade.

ADECUACIÓN DO IMPOSTO ÁS CIRCUNSTANCIAS PERSOAIS E FAMILIARES DA PERSOA CONTRIBUÍNTE:

Consiste en non someter a tributación determinadas cantidades que se destinan a satisfacer necesidades básicas persoais e familiares. Distínguense os seguintes:

Mínimo persoal e familiar: Este mínimo configúrase tecnicamente como un tramo a tipo cero que supón aplicar a tarifa á base liquidable xeral, e achar a cota íntegra xeral correspondente e aplicar a tarifa ao importe do mínimo persoal e familiar e este resultado restalo da operación anterior. Se o mínimo persoal e familiar fose superior á base liquidable xeral, ao exceso aplicaríase o mesmo procedemento respecto da base liquidable do aforro.

Este mínimo é o resultado de sumar o mínimo do contribuínte e os mínimos por descendentes, ascendentes e discapacidade.

Mínimo do contribuínte	
Xeral	5.550 €
Máis de 65 anos	5.550 €+1.150€
Máis de 75 anos	5.550 €+1.150€+1.400€

Mínimo por descendentes: Para beneficiarse do mínimo por descendentes, teñen que cumprir os seguintes requisitos:

- Convivir co contribuínte que aplica o mínimo familiar. A determinación de tal circunstancia ten que realizarse atendendo á situación existente a data de pagamento do imposto (31 de decembro normalmente). Entre outros casos, considerarase que conviven co contribuínte os descendentes que, dependendo do mesmo, estean internados en centros especializados. Desde o 1 de xaneiro de 2015 asimíllase á convivencia a dependencia económica, salvo que se satisfagan anualidades por alimentos a favor dos devanditos fillos/as. Ser menor de 25 anos á data de pagamento do imposto (31 decembro ou data de falecemento do contribuínte se este falece nun día distinto de 31 decembro) ou ter un grao de discapacidade igual ou superior ao 33%, calquera que sexa a súa idade e sempre que se cumpran o resto de requisitos esixidos.

- Non ter rendas anuais superiores a 8.000 €, excluídas as exentas.

- Que o descendente non presente declaración de IRPF con rendementos superiores a 1.800 euros xa sexa autoliquidación ou borrador debidamente suscrito e confirmado. Asímílanse aos descendentes as persoas vinculadas ao contribuínte por razón de tutela e acollemento, nos termos previstos na lexislación civil aplicable.

Mínimo por decedentes (menores de 25 años ou calquera idade se ten discapacidade)

1ª	2.400 €
2ª	2.700 €
3ª	4.000 €
4ª e seguintes	4.500 €
descendentes menores 3 anos: incrementase ao anterior importe	2.800 €

X Mínimo por ascendentes: Para beneficiarse do mínimo por ascendentes, estes teñen cumprir os requisitos seguintes:

- A persoa ascendente deberá ter máis de 65 anos ou ser unha persoa con discapacidade cun grao de discapacidade igual ou superior ao 33% calquera que sexa a súa idade.

- Que conviva co contribuínte, polo menos, a metade do período impositivo. Considerarase que conviven co contribuínte os ascendentes con discapacidade que, dependendo do mesmo, sexan internados en centros especializados.

- Que non teñan rendas anuais, excluídas as exentas, superiores a 8.000 euros.

- Que a persoa ascendente non presente declaración do IRPF con rendas superiores a 1.800 euros xa sexa autoliquidación ou borrador debidamente suscrito e confirmado.

Mínimo por ascendente

Máis de 65 anos e persoa con discapacidade	1.150 €
Máis de 75 anos	1.150 € +1.400 €

X Mínimo por discapacidade: É a suma dos mínimos que correspondan por discapacidade da persoa contribuínte e o mínimo por discapacidade de ascendentes ou descendentes.

En función do grao de discapacidade da persoa contribuínte o mínimo varia de contías. As contías por mínimo por discapacidade da persoa contribuínte son:

Mínimo por discapacidade

Grao de discapacidade	Mínimo	Gastos asistencia	Total
Igual ou superior ao 33% e inferior ao 65%	3.000€		3.000€
Igual ou superior ao 33% e inferior ao 65% e que acredite necesitar axuda de terceira persoa ou mobilidade reducida	3.000€	3.000€	6.000€
Igual ou superior ao 65%	9.000€	3.000€	12.000€

Condições de aplicación do mínimo por discapacidade:

Determinaranse en función das circunstancias persoais e familiares que deben terse en conta para a aplicación do mínimo por discapacidade, e realizarase atendendo á situación existente á data de pagamento do imposto (normalmente o 31 de decembro ou na data de falecemento do contribuínte, se este falece nun día distinto do 31 de decembro).

Sen prexuízo do anterior, o mínimo por discapacidade será aplicable nos casos en que o descendente falecese durante o período impositivo.

A aplicación do mínimo por discapacidade de ascendentes ou descendentes está condicionada a que cada un deles xere dereito á aplicación do respectivo mínimo, é dicir, mínimo por ascendentes ou mínimo por descendentes.

Cando dous ou máis contribuíntes teñan dereito á aplicación do mínimo por discapacidade respecto dos mesmos ascendentes ou descendentes, o seu importe prorratearase entre eles por partes iguais.

Con todo, cando os/as contribuíntes teñan distinto grao de parentesco co/a ascendente ou descendente, a aplicación do mínimo corresponderá aos de grao máis próximo, salvo que estes non teñan rendas anuais, excluídas as exentas, superiores a 8.000 euros, nese caso corresponderá aos do seguinte grao.

Non procederá a aplicación destes mínimos cando os ascendentes ou descendentes presenten a declaración polo IRPF con rendas superiores a 1.800 euros.

Minoración de rendementos por discapacidade

A obtención de rendementos netos do traballo por persoas con discapacidade está suxeito a aplicación dunha serie de gastos deducibles, no caso de persoas con discapacidade que obteñan rendementos do traballo como traballadores en activo, a cantidade ordinaria incrementarase en 3.500 euros anuais. Este incremento será de 7.750 euros anuais, para as persoas con discapacidade que, sendo traballadores en activo, acrediten necesitar axuda de terceiros ou mobilidade reducida, ou un grao de discapacidade igual ou superior ao 65 por cento.

Os gastos deducibles por limitaranse á realización íntegra da obra unha vez reducidos co resto dos gastos deducibles previstos neste apartado.

Se a obtención de ingresos deriva de rendementos de actividades económicas, ademais prevese o seguinte:

As persoas contribuíntes que sexan traballadoras autónomas economicamente dependentes ou cun único cliente non vinculado no exercicio da actividade económica en actividades en estimación

directa poderán, á súa vez, adicionalmente e se son persoas con discapacidade, minorar o rendimento neto das mesmas en 3.500€ anuais, ou en 7.750€ se acreditan necesitar axuda de terceiras persoas ou mobilidade reducida ou un grao de discapacidade igual ou superior ao 65 %.

Nas actividades económicas que tributen en réxime de estimación obxectiva, prevese: O método de estimación obxectiva no IRPF de rendementos para determinadas actividades económicas aplicarase a cada unha das actividades económicas, illadamente consideradas, que determine o Ministerio de Economía e Facenda, salvo que os contribuíntes renuncien a el ou estean excluídos da súa aplicación, conforme as normas contidas no art. 31 da LIRPF e art. 32 do RIRPF.

No módulo persoal asalariado, computarase ao 40% cando se trate dunha persoa con discapacidade en grao igual ou superior ao 33%. Se se obtén o grao de discapacidade ao longo do período impositivo, o cómputo do 40% efectuarase respecto da parte do período en que se cumpra dita circunstancia.

Índice corrector por nova actividade: No caso de discapacidade igual ou superior ao 33%, o

índice corrector por nova actividade será do 60% se se trata do primeiro ano de inicio, ou do 70% se se trata do segundo ano de exercicio de actividade.

A determinación dos rendementos de actividades económicas efectuarase, con carácter xeral, polo método de estimación directa, que admite dúas modalidades (normal e simplificada).

A previsión eleva a 1.500€ o gasto deducible polas primas de estimación directa do seguro de enfermidade satisfeitas polo contribuínte na parte correspondente á súa propia cobertura e á do seu cónxuxe e fillos/as menores de 25 anos que convivan con el, cando se trate de persoas con discapacidade.

Ganancias e perdas patrimoniais

Son ganancias ou perdas patrimoniais as variacións no valor do patrimonio da persoa contribuínte que se poñan de manifesto con ocasión de calquera alteración na composición do mesmo (é dicir, transmisións, premios, perdas, etc.). Esas variacións tributan.

A previsión máis favorable que se recolle por razón de discapacidade é:

- Estímase que non existe ganancia ou perda patrimonial por achegas a patrimonios protexidos constituídos a favor de persoas con discapacidade.
- Está exenta a transmisión da vivenda habitual

por persoas con dependencia severa ou gran dependencia de acordo coa Lei de Promoción da Autonomía Persoal e Atención a Persoas en Situación de Dependencia.

VIVENDA HABITUAL

Dedución por adquisición de vivenda habitual (só aplicable a adquisicións realizadas ata 31-12-2012)

Como regra xeral, as persoas contribuíntes con discapacidade aplicarán a dedución segundo as normas e porcentaxes establecidos con carácter xeral, sen prexuízo de que teñan dereito adicionalmente á dedución por obras e instalacións de adecuación da vivenda habitual por razóns de discapacidade, se reúnen os requisitos establecidos para a práctica da mesma.

Esta dedución ten un tramo estatal e un tramo autonómico. Este último pode ser modificado á alza ou á baixa, dentro de determinados límites, polas Comunidades Autónomas. Con carácter xeral será o 7,5% a porcentaxe do tramo autonómico para o resto de CCAA e Cidades con Estatuto de Autonomía.

Dedución por adecuación da vivenda habitual (só aplicable a obras e instalacións iniciadas antes de 1-1-2013).

É necesario que as persoas contribuíntes que proporcionaran cantidades para a realización de obras e instalacións de adecuación da vivenda habitual das persoas con

discapacidade con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2013 a condición de que as citadas obras ou instalacións estean concluídas antes de 1 de xaneiro de 2017.

Poden aplicar esta dedución as persoas contribuíntes que efectúen obras e instalacións de adecuación da súa vivenda habitual por razón da súa propia discapacidade ou da do seu cónxuxe ou un parente en liña directa ou colateral consanguínea ou por afinidade, ata o terceiro grao inclusive sempre que convivan con el, e sempre que a vivenda sexa ocupada por calquera deles a título de propietario/a, arrendatario/a, subarrendatario/a ou usufructuario/a.

Para estes efectos, teñen a consideración de obras ou instalacións de adecuación aquelas que impliquen unha reforma do interior da vivenda. A modificación dos elementos comúns do edificio que sirvan de paso necesario entre a leira urbana e a vía pública, tales como escaleiras, ascensores, corredores, portais ou calquera outro elemento arquitectónico. As necesarias para a aplicación de dispositivos electrónicos que sirvan para superar barreiras de comunicación sensorial ou de promoción da súa seguridade. Poderá aplicar esta dedución, ademais do/a contribuínte a que fixemos referencia, tamén os/as contribuíntes que sexan copropietarios/as do inmovible no que se atope a vivenda.

A base máxima de dedución é de 12.080€,

sendo independente do límite de 9.040€ establecido con carácter xeral para a dedución por adquisición ou rehabilitación da vivenda habitual. O exceso das cantidades investidas sobre o devandito importe non se poderá trasladar a exercicios posteriores.

DEDUCIÓNS AUTONÓMICAS A APLICAR NA DECLARACIÓN DA RENDA (IRPF 2022) QUE SE PRESENTA EN 2023

Dedución por nacemento ou adopción de fillos/as.

As contías fixadas por esta dedución duplicaranse no caso de que o nado ou adoptado teña recoñecido un grao de discapacidade igual ou superior ao 33%.

Deducción na cota íntegra autonómica por cada filla ou fillo nado ou adoptado no período impositivo, que conviva co contribuínte na data de pagamento do imposto, a seguinte contía:

- 300 euros, sempre que a base imponible total menos os mínimos persoal e familiar a efectos do imposto sobre a renda das persoas físicas fose igual ou maior de 22.000,01 euros. En caso de parto múltiple esta dedución ascenderá a 360 euros por cada fillo/a.

- 360 euros, sempre que a base imponible total menos os mínimos persoal e familiar a efectos do imposto sobre a renda das persoas físicas fose menor ou igual a 22.000 euros. Esta contía será de 1.200 euros se se trata do segundo fillo/a e de 2.400 se se trata do terceiro fillo/a ou seguintes.

A contía incrementará nun 20% para as persoas contribuíntes residentes en municipios de menos de 5.000 habitantes e nos resultantes de procedementos de fusión ou incorporación.

A dedución estenderase aos dous períodos impositivos seguintes ao nacemento ou adopción, sempre que o/a fillo/a nado ou adoptado conviva coa contribuínte na data de pagamento do imposto que lle corresponda a cada un deles, segundo as seguintes contías e límites de renda:

- 360€ sempre que a base imponible total menos os mínimos persoal e familiar a efectos do IRPF fose menor ou igual a 22.000€. Esta contía será de 1.200€ se se trata do segundo fillo/a e de 2.400€ se se trata do terceiro fillo/a ou seguintes.
- 300€, sempre que a base imponible total menos os mínimos persoal e familiar a efectos do IRPF estivese comprendida entre 22.001€ e 31.000€. Cando, no período impositivo do nacemento ou adopción, ou nos dous seguintes, os/as fillos/as convivan con ambos proxenitores, a dedución practicarase por partes iguais na declaración de cada un deles.

Dedución por familia numerosa

A persoa contribuínte que posúa o título de familia numerosa na data de pagamento do imposto poderá deducir da cota íntegra autonómica:

- 250€ cando se trate de familia numerosa de categoría xeral.
- 400€ cando se trate de familia numerosa de categoría especial.

A dedución será 500 e 800€ respectivamente cando algún dos cónxuxes ou descendentes aos que sexa de aplicación o mínimo persoal e familiar do imposto teña un grao de discapacidade igual ou superior ao 65 %.

Esta dedución practicarase polo contribuínte con quen conviva os restantes membros da familia numerosa. Cando convivan con máis dun, o importe se prorratará por partes iguais.

Dedución por acollemento

300 €, por cada menor en réxime de acollemento familiar simple, permanente, provisional ou preadoptivo, administrativo ou xudicial, formalizado por o órgano competente en materia de menores da Xunta de Galicia, sempre que:

- Convivan cun menor 183 ou máis días durante o período impositivo. Se o tempo de convivencia durante o período impositivo fose inferior a 183 días e superior a 90 días, a dedución será de 150€ por cada menor en acollida.

- Non teñan relación de parentesco. Non dará lugar á dedución por acollemento familiar preadoptivo cando se produciu a adopción do menor durante o período impositivo, sen prexuízo da aplicación, no seu caso, da dedución por adopción.

No acollemento de menores por matrimonio ou parellas de feito a que se refire a disposición adicional terceira da Lei 2/2006, do 14 de xuño, de dereito civil de Galicia, o importe da dedución prorratearase por partes iguais na declaración de cada un deles, se optasen por declaración individual.

Dedución por coidado de fillos/as menores

Poderán deducirse os contribuíntes un 30% das cantidades satisfeitas no período por deixar aos fillos ao coidado dunha persoa empregada do fogar ou en escolas infantís 0-3.

Os límites máximos aplicables, serán de 400€ ou de 600€ se teñen dous ou máis fillos/as, sempre que:

- Na data de pagamento do imposto os/as fillos/as teñan 3 ou menos anos.
- Ambos pais realicen unha actividade por conta propia ou allea pola que estean dados de alta no réxime correspondente da Seguridade Social ou mutualidade.
- No caso de que a dedución sexa de aplicación por gastos dunha persoa empregada do fogar, esta dada de alta no réxime correspondente da Seguridade Social.

- Que a base imponible total menos os mínimos persoal e familiar a efectos do IRPF non exceda 22.000€ en tributación individual ou 31.000€ en tributación conxunta. Cando máis dun contribuínte teña dereito a esa dedución respecto dos mesmos descendentes, o importe da mesma prorratearase entre eles.

Dedución por suxeitos pasivos con discapacidade, de idade igual ou superior a 65 anos, que precisen axuda de terceiras persoas

Prevese a aplicación da dedución do 10% das contías satisfeitas a terceiros, cun límite máximo de 600€, sempre que:

- A persoa contribuínte teña unha idade igual ou superior a 65 ou máis anos e acredite un grao de discapacidade igual ou superior a 65% e precisen axudas de terceiras persoas.
- A base imponible total menos o mínimos persoal e familiar a efectos do IRPF non sobrepase de 22.000€ en tributación individual ou de 31.000€ en tributación conxunta.
- Se acredite a necesidade de axuda de terceiras persoas.
- O/A contribuínte non sexa persoa usuaria de residencias públicas ou concertadas da Comunidade de Galicia ou beneficiaria do cheque asistencial da Xunta de Galicia.

Dedución por alugueiro de vivenda habitual

As contías fixadas por esta dedución duplicaranse no caso de que a persoa arrendataria teña recoñecido un grao de discapacidade igual ou superior ao 33%. Por tanto, alcanzaría límites ata 600 € e 1.200 € respectivamente.

Aplicarase o 10% das cantidades que satisfíxese durante o período impositivo, con un límite de 300 € por contrato de arrendamento, que será do 20% cun límite de 600€ se ten dous ou máis fillos/as menores de idade, a condición de que concorran os seguintes requisitos:

- Que a súa idade, na data do pagamento do imposto, sexa igual ou inferior a 35 anos. En caso de tributación conxunta este requisito terá que cumprilo polo menos un dos cónxuxes ou, no seu caso, o pai ou a nai.
- Que a data do contrato de arrendamento sexa posterior ao 1 de xaneiro de 2003.
- Que estea en posesión do xustificante de constituír o depósito da fianza a que se refire ao artigo 36.1 de a Lei 29/1994, de Arrendamentos Urbanos, no Instituto Galego da Vivenda e Solo ou ben posúa copia cotexada da denuncia presentada ante o devandito organismo por non entregarlle xustificante a persoa arrendadora.

- Que a base imponible do período, antes da aplicación das reducións por mínimo persoal ou familiar, non sexa superior a 22.000€.

Cando dous contribuíntes teñan dereito a aplicación desta dedución, o importe total da mesma, sen exceder o límite establecido por contrato de arrendamento, prorratearase por partes iguais na declaración de cada un deles. En caso de tributación conxunta o requisito da idade terá que cumprilo polo menos un dos cónxuxes ou, no seu caso, o pai ou a nai.

Dedución por gastos dirixidos ao uso de novas tecnoloxías nos fogares galegos

A 30% das cantidades satisfeitas no concepto de cota de alta e cotas mensuais cando accedan a Internet mediante a contratación de liñas de alta velocidade, co límite máximo de 100€, cos seguintes requisitos:

- Só poderá aplicarse no exercicio en que se subscribe o contrato de conexión a liñas de alta velocidade.
- Estará destinada ao uso exclusivo no fogar e non estará vinculada ao exercicio de calquera actividade empresarial ou profesional.
- Non resultará aplicable se o contrato de conexión supón simplemente un cambio de compañía prestadora do servizo e o contrato coa compañía anterior se realizase noutro exercicio.

- Non resultará aplicable cando se contrate a conexión a unha liña de alta velocidade e o contribuínte manteña, ao mesmo tempo, outras liñas contratadas en exercicios anteriores.

- O límite máximo aplícase respecto a todas as cantidades satisfeitas durante o exercicio, ben correspondan a un só contrato de conexión, ou a varios que se manteñan simultaneamente.

Dedución por doazóns con finalidade en investigación e desenvolvemento científico e innovación tecnolóxica

Deducción do 25% da cota íntegra do imposto ata o límite do 10% da devandita cota dos donativos monetarios que se fagan a favor de centros de investigación adscritos a universidades galegas e dos promovidos ou participados pola Comunidade Autónoma de Galicia que teñan por obxecto o fomento da investigación científica e o desenvolvemento e a innovación tecnolóxica, así como dos realizados a favor de entidades sen ánimo de lucro acollidas á Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado, a condición de que estas últimas teñan a consideración de organismo de investigación e difusión de coñecementos conforme o previsto no artigo 2.83 do Regulamento (UE) nº 651/2014 da Comisión, do 17 de xuño de 2014, polo que se declaran determinadas categorías de axudas compatibles co mercado interior en aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado.

A dedución queda condicionada á xustificación documental adecuada e suficiente dos orzamentos de feito e dos requisitos que determinan a súa aplicabilidade. En particular, as entidades beneficiarias destes donativos deben enviar á Axencia Tributaria de Galicia, dentro do primeiros vinte días de cada ano, unha relación das persoas físicas que efectuaron donativos durante o ano anterior, coa indicación das cantidades doadas por cada unha destas persoas.

Dedución por investimento en instalacións de climatización e/ou auga quente sanitaria que empreguen enerxías renovables na vivenda habitual e destinadas exclusivamente ao autoconsumo

Dedución na cota íntegra autonómica do 5% das cantidades satisfeitas no exercicio pola instalación na vivenda habitual de sistemas de climatización e/ou auga quente sanitaria nas edificacións que empreguen fontes de enerxía renovables, e cun límite de 280€ por suxeito pasivo.

Enténdese por enerxías renovables aquelas ás que se refire o artigo 2 da Directiva 2009/28/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de abril de 2009, relativa ao fomento do uso de enerxía procedente de fontes renovables e pola que se modifican e derrogan as directivas 2001/77/CE e 2003/30/CE.

No caso de edificios de vivendas en réxime de propiedade horizontal que sexan de nova construción, ou nos que se proceda á substitución dos equipos de xeración térmica por outros que empreguen enerxías renovables, esta dedución poderá aplicala cada un dos propietarios/as individualmente na porcentaxe que lle corresponda na comunidade de propietarios.

A base desta dedución estará constituída polas cantidades efectivamente satisfeitas na totalidade da instalación, isto é sistema de xeración, sistema de emisión térmica e sistema de captación, mediante tarxeta de crédito ou débito, transferencia bancaria, cheque nominativo ou ingreso en contas en entidades de crédito, aos instaladores habilitados que realicen a instalación. En ningún caso darán dereito a practicar esta dedución as cantidades satisfeitas mediante entregas de diñeiro de curso legal. Só se poderá practicar a dedución se se cumpren os seguintes requisitos:

- A instalación debe estar debidamente rexistrada polo instalador, que debe estar habilitado para o efecto na Oficina Virtual de Industria (OVI), segundo o establecido no Regulamento de instalacións térmicas en edificios aprobado por Real Decreto 1027/2007, do 20 de xullo. Remitiráselle ao titular ou empresa que rexistrou a instalación un código de verificación desta.

- Posteriormente, e sempre antes de que expire o prazo para presentar a autoliquidación correspondente ao período impositivo no que se sufragou a instalación, será necesario achegar través da OVI a seguinte documentación:

- O orzamento analizado da instalación.
- A factura ou facturas emitida/s polo instalador habilitado.
- O/s xustificante/s de pago pola totalidade do custo da instalación.

- En o caso de efectuarse o investimento por unha comunidade de propietarios deberá achegarse un certificado, emitido polo seu representante legal, das achegas económicas correspondentes a cada comuneiro/a. No caso de que a instalación se realice nunha vivenda unifamiliar, esta documentación será achegada polo suxeito pasivo. Se se tratase de edificios en réxime de propiedade horizontal será achegada polo representante legal da comunidade de propietarios ou pola persoa autorizada para o efecto.

Para poder aplicarse esta dedución debe constar na declaración tributaria do suxeito pasivo a referencia ao código de a instalación proporcionado pola OVI no certificado de rexistro da instalación.

Dedución por rehabilitación de bens inmobles situados en centros históricos

Dedución da cota íntegra autonómica o 15% das cantidades investidas no exercicio na rehabilitación de inmobles situados nos centros históricos que mediante orde se determinen cun límite de 9.000€. Para estes efectos, consideraranse rehabilitación as obras que cumpran os seguintes requisitos:

- Que dispoñan dos permisos e autorizacións administrativas correspondentes.

- Que teñan por obxecto principal a reconstrución do inmovible mediante a consolidación e o tratamento das estruturas, fachadas ou cubertas e outras obras análogas, sempre que o custo global das operacións de rehabilitación exceda do 25% do prezo de adquisición, se se efectuou esta durante os dous anos inmediatamente anteriores ao comezo das obras de rehabilitación ou do valor de mercado que teña o inmovible no momento do devandito inicio. Para estes efectos, descontarase do prezo de adquisición ou do valor de mercado do inmovible a parte proporcional correspondente ao solo. Cando non se coñeza o valor do solo, calcularase prorrateando o custo de adquisición satisfeito ou

o valor de mercado entre os valores catastrais do solo e da construción de cada ano.

Dedución na cota íntegra autonómica por obras de mellora de eficiencia enerxética en edificios de vivendas ou en vivendas unifamiliares

Dedución na cota íntegra autonómica no exercicio no que se finalicen as obras, do 15% das cantidades investidas en obras de mellora de eficiencia enerxética en inmobles de uso residencial vivenda (límite da base de dedución 9.000€ por suxeito pasivo) e do custos dos honorarios para a obtención do certificado que xustifique o salto de letra na cualificación enerxética do inmovible, así como as taxas relacionadas coa súa inscrición no Rexistro de Certificados de Eficiencia Enerxética de Edificios da Comunidade Autónoma de Galicia (límite único para os custos de honorarios e taxas de 150€ que será prorrateado en función da porcentaxe de titularidade da vivenda). Para estes efectos, consideraranse obras de mellora de eficiencia enerxética as que cumplan os seguintes requisitos:

a) Que dispoñan dos permisos, autorizacións ou títulos habilitantes correspondentes.

b) Que melloren o comportamento enerxético das edificacións reducindo a demanda enerxética, mellorando o rendemento das instalacións térmicas e/ou incorporando equipos que utilicen fontes de enerxía renovable e que teñan por obxecto principal subir unha letra na escala de cualificación enerxética de emisións de CO2 e na escala de consumo de enerxía primaria non renovable.

Para ter dereito á dedución:

- As cantidades nas obras de mellora de eficiencia enerxética en edificios de vivendas ou en vivendas unifamiliares, teñen que estar satisfeitas mediante tarxeta de crédito ou débito, transferencia bancaria, cheque nominativo ou ingreso en contas en entidades de crédito. En ningún caso darán dereito a practicar esta dedución as cantidades satisfeitas mediante entregas de diñeiro de curso legal.

- Deberá presentarse, antes de que expire o prazo para presentar a auto liquidación correspondente ao período impositivo en que se finalice a obra de mellora enerxética obxecto de dedución, a través da plataforma electrónica do Rexistro de Eficiencia Enerxética de Edificios da Comunidade Autónoma de Galicia:

- Certificado de eficiencia enerxética do edificio, unha vez executadas a obras que dan lugar a esta dedución, que debe estar rexistrado no Rexistro de Certificados de Eficiencia Enerxética de Edificios da Comunidade Autónoma de Galicia mediante o procedemento establecido a tal fin.
- Informe asinado por un técnico competente que xustifique o salto de letra conseguido coas melloras, segundo o modelo que conste no Rexistro de Certificados de Eficiencia Enerxética de Edificios da Comunidade Autónoma de Galicia.
- A totalidade das facturas correspondentes ás obras de mellora de eficiencia enerxética obxecto de dedución así como as relativas á obtención do certificado de eficiencia enerxética.
- Os xustificantes de pago destas facturas.

No caso de que o investimento se realice nunha vivenda unifamiliar, esta documentación será achegada polo suxeito pasivo.

No caso de edificios en réxime de propiedade horizontal será achegada polo representante legal da comunidade de propietarios, quen ademais deberá aportar un certificado das achegas económicas correspondentes a cada comunitario/a.

Deberá constar na declaración tributaria do suxeito pasivo o número de inscrición do certificado de eficiencia enerxética trala reforma no Rexistro de Certificados de Eficiencia Enerxética de Edificios da Comunidade Autónoma de Galicia, proporcionado polo propio Rexistro na etiqueta de eficiencia enerxética do inmovible.

A dedución prevista neste número é incompatible coa prevista por investimento en instalacións de climatización e/ou auga quente sanitaria que empreguen enerxías renovables en a vivenda habitual e destinada exclusivamente ao autoconsumo.

Dedución na cota íntegra autonómica polas axudas e subvencións recibidas polos deportistas de alto nivel de Galicia

Cando a persoa contribuínte integre na base impoñible xeral o importe correspondente a unha subvención ou calquera outra axuda pública obtida da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ou das restantes entidades do sector

público autonómico para o desenvolvemento da actividade deportiva, poderá aplicar unha dedución na cota íntegra autonómica do imposto sobre a renda das persoas físicas, a condición de que a actividade deportiva non xere rendementos de actividades económicas.

O importe da dedución será o resultado de aplicar os tipos medios de gravame ao importe da subvención ou axuda pública na base liquidable. Para a aplicación desta dedución é requisito imprescindible que a persoa contribuínte teña recoñecida a condición de deportista de alto nivel segundo a resolución do órgano superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma con competencias en materia de deporte.

Existen outras en Galicia, como:

- Dedución por investimento en empresas agrarias e sociedades cooperativas agrarias ou de explotación comunitaria da terra.
- A dedución por investimento na adquisición de accións ou participacións sociais en entidades novas ou de recente creación.
- Será do 3 % o tipo de gravame aplicable no imposto sobre transmisións patrimoniais onerosas ás transmisións de inmobles que vaian constituír a vivenda habitual da persoa contribuínte, sempre que se cumpran os seguintes requisitos:

- Que na data de devindicación do imposto o adquirente sexa unha persoa con discapacidade física, psíquica ou sensorial cun grao de discapacidade igual ou superior ao 65% e destine o inmovible adquirido á súa vivenda habitual.

- No momento de presentación do imposto, o contribuínte debe achegar a xustificación documental adecuada e suficiente da condición de discapacidade e do grao de discapacidade consonte o disposto no artigo 3 deste texto refundido.

- A adquisición da vivenda deberá documentarse en escritura pública, na cal se fará constar expresamente a finalidade de destinala a constituír a súa vivenda habitual.

- No suposto de que o inmovible se adquirira por varias persoas e non se cumpran os requisitos sinalados nos apartados anteriores en todos os adquirentes, o tipo reducido aplicaráselle a

parte proporcional da base liquidable correspondente á porcentaxe de participación na adquisición dos contribuíntes que si os cumbran.

Criterios de aplicación

- Os conceptos de vivenda habitual, adquisición de vivenda habitual e reinvestimento en vivenda habitual serán os recollidos na normativa reguladora do imposto sobre a renda das persoas físicas. Entenderase por vivenda a edificación destinada á residencia das persoas físicas (artigo 3 apartado un do texto refundido).
- O grao de discapacidade deberá de acreditarse mediante certificado ou resolución expedida polo órgano competente. En particular, considerarase acreditado un grao de discapacidade igual ou superior ao 33% no caso dos pensionistas da Seguridade Social que teñan recoñecida unha pensión de incapacidade permanente total, absoluta ou grande invalidez e no caso dos pensionistas de clases pasivas que teñan recoñecida unha pensión de xubilación ou retiro por incapacidade permanente para o servizo ou inutilidade. Igualmente, considerarase acreditado un grao de discapacidade igual ou superior ao 65% cando se trate de persoas cuxa incapacidade sexa declarada xudicialmente, aínda que non alcance o devandito grao, así como nos casos de dependencia severa e gran dependencia, sempre que estas últimas situacións sexan

recoñecidas polo órgano competente, de acordo co establecido no artigo 28 da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia (artigo 3 apartado dous do texto refundido).

Tipo de gravame para a adquisición de vivenda habitual por familias numerosas.

Será do 3% o tipo de gravame aplicable, na modalidade de transmisións patrimoniais onerosas, ás transmisións de inmobles que vaian constituír a vivenda habitual da persoa contribuínte, sempre que se cumbran os seguintes requisitos:

- Que na data de devindicación do imposto o adquirente sexa membro dunha familia numerosa que teña recoñecida tal condición co título oficial en vigor e destine o inmovible adquirido a vivenda habitual da súa familia.
- Que a suma do patrimonio de todos os membros da familia numerosa non supere a cifra de 400.000€, máis 50.000€ adicionais por cada membro superior ao mínimo para obter a condición de familia numerosa. A valoración do patrimonio realizarase conforme ás regras do imposto sobre o patrimonio referidas á data de adquisición do inmovible, incluíndo este polo seu valor de adquisición e sen dedución das débedas asumidas nos supostos de adquisición con prezo aprazado ou financiamento alleo.

Para efectos da valoración anterior, cando o

adquirente sexa titular doutra vivenda, non se terá en conta o valor dela nin das débedas contraídas para o seu financiamento, sempre que se proceda á súa venda no prazo máximo de dous anos e se acredite que o importe obtido se destina ao pagamento do prezo pendente ou á cancelación total ou parcial do crédito obtido para a adquisición de calquera das vivendas sinaladas dentro do mesmo prazo. O xustificante documental que acredite este destino deberá presentarse perante a oficina xestora competente no prazo dun mes desde a venda da vivenda.

- A condición de familia numerosa acreditarase mediante o título oficial en vigor establecido para o efecto no momento de presentación da declaración do imposto, conforme ao establecido na Lei 40/2003, do 18 de novembro, de protección ás familias numerosas.
- A adquisición da vivenda deberá documentarse en escritura pública, na cal se fará constar expresamente a finalidade de destinala a constituír a súa vivenda habitual.
- No suposto de que o inmovible se adquirise por varias persoas non se cumbran os requisitos sinalados nos apartados anteriores en todos os adquirentes, o tipo reducido aplicaráselle á parte proporcional da base liquidable correspondente á porcentaxe de participación na adquisición dos contribuíntes que si os cumbran.

Criterios de aplicación:

- Os conceptos de vivenda habitual, adquisición de vivenda habitual e reinvestimento en vivenda habitual serán os recollidos na normativa reguladora do imposto sobre a renda das persoas físicas. Entenderase por vivenda a edificación destinada á residencia das persoas físicas (artigo 3 apartado un do texto refundido).
- O concepto de unidade familiar será o contemplado na normativa reguladora do imposto sobre a renda das persoas físicas (artigo 3 apartado dous do texto refundido).

Tipo de gravame para a adquisición de vivenda habitual por menores de 36 anos.

Será do 3% o tipo de gravame aplicable na modalidade de transmisións patrimoniais onerosas as transmisións de inmobles que vaian constituír a vivenda habitual da persoa contribuínte, sempre que se cumpran os seguintes requisitos:

- Que na data de devindicación do imposto a persoa adquirente teña unha idade inferior a trinta e seis anos.
- Que a suma do patrimonio dos adquirentes para os cales vaia constituír a súa vivenda habitual e, no seu caso, dos demais membros das súas unidades familiares non supere a cifra de 200.000€, máis 30.000€ adicionais por cada membro da unidade

familiar que exceda ao primeiro. A valoración do patrimonio realizarase conforme ás regras do imposto sobre o patrimonio referidas á data da adquisición do inmovible, incluíndo este polo seu valor de adquisición e sen dedución das débedas asumidas nos supostos de adquisición con prezo aprazado ou financiamento alleo.

Para os efectos da valoración anterior, cando a persoa adquirente sexa titular doutra vivenda, non se terá en conta o valor desta nin das débedas contraídas para o seu financiamento, sempre que se proceda á súa venda no prazo máximo de dous anos e se acredite que o importe obtido se destina ao pagamento do prezo pendente ou á cancelación total ou parcial do crédito obtido para a adquisición de calquera das vivendas sinaladas dentro do mesmo prazo. O xustificante documental que acredite este destino deberá presentarse perante a oficina xestora competente no prazo dun mes desde a venda da vivenda.

- A adquisición da vivenda deberá documentarse en escritura pública, na cal se fará constar expresamente a data de nacemento do adquirente e a finalidade de destinala a constituír a súa vivenda habitual.
- No suposto de que o inmovible se adquirise por varias persoas e non se cumpran os requisitos sinalados nos apartados anteriores en todos os adquirentes, o tipo reducido aplicaráselle á parte proporcional

da base liquidable correspondente á porcentaxe de participación na adquisición de persoas contribuíntes que si os cumpran.

Criterios de aplicación

- Os conceptos de vivenda habitual, adquisición de vivenda habitual e reinvestimento en vivenda habitual serán os recollidos na normativa reguladora do imposto sobre a renda das persoas físicas. Entenderase por vivenda a edificación destinada á residencia das persoas físicas (artigo 3 apartado un do texto refundido).
- O concepto de unidade familiar será o contemplado na normativa reguladora do imposto sobre a renda das persoas físicas (artigo 3 apartado dous do texto refundido).

Tipo de gravame aplicable na adquisición de vivenda habitual.

Será do 7 % o tipo de gravame aplicable na modalidade de transmisións patrimoniais onerosas, ás transmisións de inmobles que vaian constituír a vivenda habitual do contribuínte, sempre que se cumpran os seguintes requisitos:

- Que a suma do patrimonio dos adquirentes para os cales vaia constituír a súa vivenda habitual e, no seu caso, dos demais membros das súas unidades familiares non supere a cifra de 200.000€, máis 30.000€ adicionais por cada membro da unidade familiar que exceda ao primeiro. A valoración do patrimonio realizarase conforme ás regras do imposto sobre o

patrimonio referidas á data da adquisición do inmovible, incluíndo este polo seu valor de adquisición e sen dedución das débedas asumidas nos supostos de adquisición con prezo aprazado ou financiamento alleo. Para os efectos da valoración anterior, cando a persoa adquirente sexa titular doutra vivenda, non se terá en conta o valor dela nin das débedas contraídas para o seu financiamento, sempre que se proceda á súa venda no prazo máximo de dous anos e se acredite que o importe obtido se destina ao pagamento do prezo pendente ou á cancelación total ou parcial do crédito obtido para a adquisición de calquera das vivendas sinaladas dentro do mesmo prazo. O xustificante documental que acredite este destino deberá presentarse perante a oficina xestora competente no prazo dun mes desde a venda da vivenda.

- A adquisición da vivenda deberá documentarse en escritura pública facendo constar expresamente a finalidade de destinala a constituír a súa vivenda habitual.
- No suposto de que o inmovible sexa adquirido por varias persoas e non se cumpran os requisitos sinalados nos apartados anteriores en todos os adquirentes, o tipo reducido aplicaráselle á parte proporcional da base liquidable correspondente á porcentaxe de participación na adquisición dos contribuíntes que si os cumpran.

Criterios de aplicación:

Os conceptos de vivenda habitual, adquisición

de vivenda habitual e reinvestimento en vivenda habitual serán os recollidos na normativa reguladora do imposto sobre a renda das persoas físicas.

Entenderase por vivenda a edificación destinada á residencia das persoas físicas (artigo 3 apartado un do texto refundido).

O concepto de unidade familiar será o contemplado na normativa reguladora do imposto sobre a renda das persoas físicas (artigo 3 apartado dous do texto refundido).

Tipo de gravame aplicable na adquisición de vivenda habitual por vítimas de violencia de xénero.

Será do 3% o tipo de gravame aplicable na modalidade de transmisións patrimoniais onerosas, ás transmisións de inmoables que vaian constituír a vivenda habitual do contribuínte, sempre que se cumpran os seguintes requisitos:

- Que na data de devindicación do imposto o/a adquirente se encontre nalgunha das situacións de violencia de xénero descritas na Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.
- A acreditación da situación de violencia de xénero farase segundo o disposto na lei sinalada no apartado anterior.
- Que o prezo da vivenda non exceda os 150.000€. A adquisición da vivenda deberá documentarse en escritura pública,

na cal se fará constar expresamente a finalidade de destinala a constituír a súa vivenda habitual. No caso de que o inmovible fose adquirido por varias persoas e non se cumprisen os requisitos sinalados nos números anteriores en todos os adquirentes, o tipo reducido aplicarase á parte proporcional da base liquidable correspondente á porcentaxe de participación na adquisición dos contribuíntes que si os cumpran.

Tipo de gravame aplicable á transmisión de embarcacións de lecer e motores mariños.

Será do 1% no imposto sobre transmisións patrimoniais onerosas, o tipo de gravame aplicable ás transmisións de embarcacións de lecer e motores mariños.

Tipo de gravame aplicable na adquisición de vivendas nas parroquias que teñan a consideración de zonas pouco poboadas ou áreas rurais.

Será do 6% o tipo de gravame aplicable, na modalidade de transmisións patrimoniais onerosas, ás transmisións de inmoables de uso vivenda que se encontren nalgunha das parroquias que teñan a consideración de zonas pouco poboadas ou áreas rurais ás que se refire o número sete do artigo 16.

Será do 5% se ademais se trata da vivenda habitual do contribuínte e se cumpren os requisitos establecidos no número 2 do presente artigo 14.

3 IMPOSTO DE ACTOS XURÍDICOS DOCUMENTADOS

O tipo de gravame xeral nos documentos notariais. Será do 1,5% o tipo de gravame aplicable nas primeiras copias de escrituras ou actas notariais suxeitas á modalidade de actos xurídicos documentados, cota variable dos documentos notariais.

Tipo de gravame aplicable na primeira adquisición de vivenda habitual.

Será do 1% na modalidade de actos xurídicos documentados, cota variable dos documentos notariais, o tipo de gravame aplicable nas primeiras copias de escrituras que documenten a adquisición da vivenda habitual da persoa contribuínte ou a constitución de préstamos ou créditos hipotecarios destinados ao seu financiamento sempre que se cumpran os requisitos seguintes:

- Que a suma do patrimonio dos adquirentes para os cales vaia constituír a súa vivenda habitual e, no seu caso, dos demais membros das súas unidades familiares non supere a cifra de 200.000€, máis 30.000€ adicionais por cada membro da unidade familiar que exceda ao primeiro.
- A valoración do patrimonio realizarase conforme ás regras do imposto sobre o patrimonio referidas á data de adquisición do inmovible, incluíndo este polo seu valor de

adquisición e sen dedución das débedas asumidas nos supostos de adquisición con prezo aprazado ou financiamento alleo. Para os efectos da valoración anterior, cando o adquirente sexa titular doutra vivenda, non se terá en conta o valor dela nin das débedas contraídas para o seu financiamento, sempre que se proceda á súa venda no prazo máximode dous anos e se acredite que o importe obtido se destina ao pagamento do prezo pendente ou á cancelación total ou parcial do crédito obtido para a adquisición de calquera das vivendas sinaladas dentro do mesmo prazo. O xustificante documental que acredite este destino deberá presentarse perante a oficina xestora competente no prazo dun mes desde a venda da vivenda.

- A adquisición da vivenda ou a constitución do préstamo ou crédito hipotecario deberá documentarse en escritura pública na que se fará constar expresamente a finalidade de destinala a constituír a súa vivenda habitual.
- No suposto de que o inmovible sexa adquirido por varias persoas e non se cumpran os requisitos sinalados nos apartados anteriores en todos os adquirentes, o tipo reducido aplicaráselle á parte proporcional da base liquidable correspondente á porcentaxe de participación na adquisición dos contribuíntes que si os cumpran.

Criterios de aplicación:

Os conceptos de vivenda habitual, adquisición de vivenda habitual e reinvestimento en vivenda habitual serán os recollidos na normativa reguladora do imposto sobre a renda das persoas físicas. Entenderase por vivenda a edificación destinada á residencia das persoas físicas (artigo 3 apartado un do texto refundido).

O concepto de unidade familiar será o contemplado na normativa reguladora do imposto sobre a renda das persoas físicas (artigo 3 apartado dous do texto refundido).

Tipo de gravame aplicable na adquisición de vivenda habitual por persoas con discapacidade e na constitución de préstamos hipotecarios destinados ao seu financiamento.

Será do 0,5% na modalidade de actos xurídicos documentados, cota variable dos documentos notariais, o tipo de gravame aplicable nas primeiras copias de escrituras que documenten a adquisición da vivenda habitual do contribuínte ou a constitución de préstamos ou créditos hipotecarios destinados ao seu financiamento sempre que se cumpran os requisitos seguintes:

- Que na data de devindicación do imposto o adquirente sexa unha persoa con discapacidade física, psíquica ou sensorial cun grao de discapacidade igual ou superior ao 65% e destine o inmovible adquirido á súa vivenda habitual.
- No momento de presentación do imposto, o contribuínte debe achegar a xustificación documental adecuada e suficiente da condición de discapacidade e do grao de discapacidade consonte o disposto no artigo 3, deste texto refundido.
- A adquisición da vivenda deberá documentarse en escritura pública, na cal se fará constar expresamente a finalidade de destinala a constituír a súa vivenda habitual.
- No suposto de que o inmovible se adquirise por varias persoas e non se cumpran os requisitos sinalados nos apartados anteriores en todas as persoas adquirentes, o tipo reducido aplicaráselle á parte proporcional da base liquidable correspondente á porcentaxe de participación na adquisición das persoas contribuíntes que si os cumpran.

Crterios de aplicación:

Os conceptos de vivenda habitual, adquisición de vivenda habitual e reinvestimento en vivenda habitual serán os recollidos na normativa reguladora do imposto sobre a renda das persoas físicas. Entenderase por vivenda a edificación destinada á residencia das persoas físicas (artigo 3 apartado un do texto refundido).

O grao de discapacidade deberá de acreditarse mediante certificado ou resolución expedida polo órgano competente. En particular, considerarase acreditado un grao de discapacidade igual ou superior ao 33% no caso dos pensionistas da Seguridade Social que teñan recoñecida unha pensión de incapacidade permanente total, absoluta ou grande invalidez e no caso dos pensionistas de clases pasivas que teñan recoñecida unha pensión de xubilación ou retiro por incapacidade permanente para o servizo ou inutilidade.

Igualmente, considerarase acreditado un grao de discapacidade igual ou superior ao 65% cando se trate de persoas cuxa incapacidade sexa declarada xudicialmente, aínda que non alcance o devandito grao, así como nos casos de dependencia severa e gran dependencia, sempre que estas últimas situacións sexan recoñecidas polo órgano competente, de

acordo co establecido no artigo 28 da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia.

Tipo de gravame para a adquisición de vivenda habitual por familias numerosas e a constitución de préstamos hipotecarios destinados ao seu financiamento.

Será do 0,5% na modalidade de actos xurídicos documentados, cota variable dos documentos notariais, o tipo de gravame aplicable nas primeiras copias de escrituras que documenten a adquisición da vivenda habitual do contribuínte ou a constitución de préstamos ou créditos hipotecarios destinados ao seu financiamento sempre que se cumpran os requisitos seguintes:

- Que na data de devindicación do imposto o adquirente sexa membro dunha familia numerosa que teña recoñecida tal condición con título oficial en vigor e destine o inmovible adquirido a vivenda habitual da súa familia.
- Que a suma do patrimonio de todos os membros da familia numerosa non supere a cifra de 400.000€, máis 50.000€ adicionais por cada membro superior ao mínimo para obter a condición de familia numerosa. A valoración do patrimonio

realizarse conforme ás regras do imposto sobre o patrimonio referidas á data de adquisición do inmovible, incluíndo este polo seu valor de adquisición e sen dedución das débedas asumidas nos supostos de adquisición con prezo aprazado ou financiamento alleo.

Para os efectos da valoración anterior, cando o adquirente sexa titular doutra vivenda, non se terá en conta o valor desta nin das débedas contraídas para o seu financiamento, sempre que se proceda á súa venda no prazo máximo de dous anos e se acredite que o importe obtido se destina ao pagamento do prezo pendente ou á cancelación total ou parcial do crédito obtido para a adquisición de calquera das vivendas sinaladas dentro do mesmo prazo. O xustificante documental que acredite este destino deberá presentarse ante a oficina xestora competente no prazo dun mes dende a venda da vivenda.

- A condición de familia numerosa acreditarase mediante o título oficial en vigor establecido para o efecto no momento de presentación da declaración do imposto, de acordo co establecido na Lei 40/2003, do 18 de novembro, de protección ás familias numerosas.
- A adquisición da vivenda deberá documentarse en escritura pública, na cal se fará constar expresamente a finalidade de destinala a constituír a súa vivenda

habitual. No suposto de que o inmovible se adquirise por varias persoas e non se cumpran os requisitos sinalados nos apartados anteriores en todos os adquirentes, o tipo reducido aplicaráselle á parte proporcional da base liquidable correspondente á porcentaxe de participación na adquisición dos contribuíntes que si os cumpran.

Criterios de aplicación

Os conceptos de vivenda habitual, adquisición de vivenda habitual e reinvestimento en vivenda habitual serán os recollidos na normativa reguladora do imposto sobre a renda das persoas físicas. Entenderase por vivenda a edificación destinada á residencia das persoas físicas (artigo 3 apartado un do texto refundido).

O concepto de unidade familiar será o considerado na normativa reguladora do imposto sobre a renda das persoas físicas (artigo 3 apartado dous do texto refundido).

Tipo de gravame aplicable na adquisición de vivenda habitual por menores de trinta e seis anos e a constituición de préstamos hipotecarios destinados ao seu financiamento.

Será do 0,5% na modalidade de actos xurídicos documentados, cota variable dos documentos notariais, o tipo de gravame aplicable nas primeiras copias de escrituras que documenten a adquisición da vivenda

habitual do contribuínte ou a constituición de préstamos ou créditos hipotecarios destinados ao seu financiamento sempre que se cumpran os requisitos seguintes:

- Que na data de devindicación do imposto o adquirente teña unha idade inferior a 36 anos.
- Que a suma do patrimonio dos adquirentes para os cales vaia constituír a súa vivenda habitual e, de ser o caso, dos demais membros das súas unidades familiares non supere a cifra de 200.000€ máis 30.000€ adicionais por cada membro da unidade familiar que exceda do primeiro. A valoración do patrimonio realizarase conforme as regras do imposto sobre o patrimonio referidas á data da adquisición do inmovible, incluíndo este polo seu valor de adquisición e sen dedución das débedas asumidas nos supostos de adquisición con prezo aprazado ou financiamento alleo.

Para os efectos da valoración anterior, cando o adquirente sexa titular doutra vivenda, non se terá en conta o valor dela nin das débedas contraídas para o seu financiamento, sempre que se proceda á súa venda no prazo máximo de dous anos e se acredite que o importe

obtido se destina ao pagamento do prezo pendente ou á cancelación total ou parcial do crédito obtido para a adquisición de calquera das vivendas sinaladas dentro do mesmo prazo. O xustificante documental que acredite este destino deberá presentarse perante a oficina xestora competente no prazo dun mes desde a venda da vivenda.

A adquisición da vivenda deberá documentarse en escritura pública, na cal farase constar expresamente a data de nacemento do adquirente e a finalidade de destinala a constituír a súa vivenda habitual.

No suposto de que o inmovible sexa adquirido por varias persoas e non se cumpran os requisitos sinalados nos apartados anteriores en todos as persoas adquirentes, o tipo reducido aplicaráselle á parte proporcional da base liquidable correspondente á porcentaxe de participación na adquisición dos contribuíntes que si os cumbran.

Criterios de aplicación:

Os conceptos de vivenda habitual, adquisición de vivenda habitual e reinvestimento en vivenda habitual serán os recollidos na normativa reguladora do imposto sobre a renda das persoas físicas. Entenderase por vivenda a edificación destinada á residencia das persoas físicas (artigo 3 apartado un do texto refundido).

O concepto de unidade familiar será o considerado na normativa reguladora do imposto sobre a renda das persoas físicas (artigo 3 apartado dous do texto refundido).

Tipo de gravame en caso de renuncia a exención no Imposto sobre Valor Engadido.

Será do 2% na modalidade de actos xurídicos documentados, cota variable dos documentos notariais, o tipo de gravame aplicable nas primeiras copias de escrituras que documenten transmisións de bens inmoables en que se renunciase á exención do imposto sobre o valor engadido, tal e como se prevé no artigo 20.2 da Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido.

Tipo de gravame aplicable na adquisición de vivenda habitual por vítimas de violencia de xénero.

Será do 0,5% na modalidade de actos xurídicos documentados, cota variable dos documentos notariais, o tipo de gravame aplicable nas primeiras copias de escrituras que documenten a adquisición da vivenda habitual do contribuínte ou a constitución de préstamos ou créditos hipotecarios destinados ao seu financiamento sempre que se cumpran os requisitos seguintes:

- Que na data de devindicación do imposto o adquirente se encontre nalgunha das situacións de violencia de xénero descritas na Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.

- A acreditación da situación de violencia de xénero farase segundo o disposto na lei sinalada no apartado anterior.
- Que o prezo da vivenda non exceda os 150.000€.
- A adquisición da vivenda deberá documentarse en escritura pública, na cal se fará constar expresamente a finalidade de destinala a constituír a súa vivenda habitual.
- No caso de que o inmovible fose adquirido por varias persoas non se cumprisen os requisitos sinalados nos números anteriores en todos os adquirentes, o tipo reducido aplicarase á parte proporcional da base liquidable correspondente á porcentaxe de participación na adquisición dos contribuíntes que si os cumbran.

DEDUCIÓNS E BONIFICACIÓNS NA COTA ÍNTEGRA NA MODALIDADE DE TRANSMISIÓNS PATRIMONIAIS ONEROSAS

Dedución por adquisición de vivenda habitual por persoas con discapacidade, familias numerosas, menores de 36 anos e vítimas de violencia de xénero en áreas rurais: as persoas contribuíntes que teñan dereito a aplicar os tipos de gravame reducidos regulados nos apartados 3, 4, 5 e 8

do artigo 14 terán dereito a unha dedución na cota do 100% sempre que a vivenda se encontre nalgunha das parroquias que teñan a consideración de zonas pouco poboadas ou áreas rurais. Para estes efectos, unha orde da consellaría competente en materia de facenda determinará as parroquias que teñan esta consideración.

Dedución para a promoción de solo industrial: terán dereito a unha dedución do 100% na cota as compras de solo para a promoción de solo industrial realizadas por entidades instrumentais do sector público que teñan entre as súas funcións ou obxecto social a dita finalidade.

Bonificación aplicable aos arrendamentos de vivenda: bonificación na cota do 100% na modalidade de transmisións patrimoniais onerosas, para aqueles arrendamentos de vivenda que se realicen entre particulares con intermediación do Instituto Galego da Vivenda e Solo ao abeiro de programas de fomento do aluguer.

Dedución por arrendamentos de terreos rústicos: dedución na cota do 100% na modalidade de transmisións patrimoniais onerosas, no suposto de arrendamento de terreos rústicos.

Requisitos:

Que as persoas arrendatarias teñan:

- Condición de agricultores profesionais en canto á dedicación de traballo e procedencia de rendas e sexan titulares dunha explotación agraria, á cal queden afectos os elementos obxecto do aluguer ou
- Que sexan persoas socias dunha sociedade agraria de transformación, cooperativa de explotación comunitaria da terra ou sociedade civil que sexa titular dunha explotación agraria á que queden afectos os elementos arrendados. Os termos de «explotación agraria» e «agricultor/a profesional» son os definidos na Lei 19/1995, do 4 de xullo, de modernización das explotacións agrarias, e acreditaranse mediante certificación expedida polo órgano correspondente da Comunidade Autónoma. A dedución quedará condicionada á presentación no prazo de declaración destes xustificantes.

Dedución para a constitución de préstamos ou créditos hipotecarios destinados á cancelación doutros préstamos ou créditos hipotecarios que foron destinados á adquisición de vivenda habitual

Dedución do 100% da cota do imposto sobre actos xurídicos, na súa modalidade de documentos notariais, cando se cumpran os requisitos seguintes:

- Que a operación se refira á constitución dun préstamo ou crédito hipotecario.
- Que a finalidade do préstamo ou crédito sexa a cancelación doutro préstamo ou crédito hipotecario destinado ao financiamento da adquisición dunha vivenda habitual.

Criterios de aplicación

- No caso de que o novo préstamo ou crédito hipotecario sexa dunha contía superior á necesaria para a cancelación total do préstamo anterior, a porcentaxe de dedución aplicarase exclusivamente sobre a porción de cota que resulte de aplicarlle a esta o resultado do cociente entre o principal pendente de cancelación e o principal do novo préstamo.
- Os conceptos de vivenda habitual e adquisición de vivenda habitual serán os recollidos na normativa reguladora do imposto sobre a renda das persoas físicas. Entenderase por vivenda a edificación destinada á residencia das persoas físicas (artigo 3 apartado un dotexto refundido).

Dedución nas operacións de subrogación e modificación de préstamos e créditos hipotecarios concedidos para o investimento en vivenda habitual

Dedución do 100% na cota do imposto sobre actos xurídicos documentados na modalidade de documentos notariais: ás escrituras de créditos hipotecarios que recollan as operacións a que se refiren os artigos 7 e 9 da Lei 2/1994, do 30 de marzo, sobre subrogación e modificación de préstamos hipotecarios e sempre que se trate de créditos concedidos para o investimento en vivenda habitual.

Este beneficio fiscal aplicarase nos mesmos termos e condicións que os recoñecidos para os préstamos hipotecarios nos devanditos artigos. Ás escrituras públicas de novación modificativa de préstamos ou créditos hipotecarios concedidos para o investimento en vivenda habitual, pactados de común acordo entre acredor e debedor, sempre que o acredor sexa unha das entidades a que se refire o artigo 1 da Lei 2/1994 do 30 de marzo, sobre subrogación e modificación de préstamos hipotecarios, e a modificación refírase ao método ou sistema de amortización e a calquera outras condicións financeiras do préstamo ou crédito.

Dedución por adquisición de vivenda habitual e por constitución de préstamos hipotecarios destinados ao seu financiamento, por persoas con discapacidade, familias numerosas, menores de 36 anos e vítimas de violencia de xénero en áreas rurais

Os contribuíntes que teñan dereito a aplicar os tipos de gravame reducidos regulados nos negocio, sempre que se cumpran os requisitos sinalados no punto Sete anterior referidos á constitución da empresa ou negocio e ao seu mantemento, localización, prazos e afectación do ben. Para estes efectos, para o prazo a que se refire o punto 2.b), tomarase como referencia a data do contrato de arrendamento financeiro.

apartados 3, 4, 5 e 8 do artigo 15 terán dereito a unha dedución na cota do 100% sempre que a vivenda se encontre nalgunha das parroquias que teñan a consideración de zonas pouco poboadas ou áreas rurais. Para estes efectos, unha orde da consellaría competente en materia de facenda determinará as parroquias que teñan esta consideración.

IMPOSTO ESPECIAL SOBRE DETERMINADOS MEDIOS DE TRANSPORTE:

CONCEPTO:

Este imposto grava a primeira matriculación definitiva en España de vehículos, novos ou usados, provistos de motor para a súa propulsión.

ACREDITACIÓN DA DISCAPACIDADE:

Mediante o certificado do grao de discapacidade emitido polo EVO.

Resolución de incapacidades laborais do INSS ou Clases Pasivas (se tivera o carácter provisional dita exención esixe que se manteña a condición de pensionista durante 4 anos).

NORMATIVA DE REFERENCIA: arts. 135 e ss Real Decreto 1165/1995, e arts. 65.1.6 e 66.1.d Lei 38/1992

TIPO DE GRAVAME:

Depende das emisións de CO2 e do tipo de vehículo, máximo previsto no 12%.

EXENCIÓN DO IMPOSTO:

- Os vehículos para persoas con mobilidade reducida non están suxeitos a este imposto.
- Os vehículos matriculados a nome de persoas con discapacidade para o seu uso exclusivo, sempre concorran os seguintes requisitos:

- Transcorrese a lo menos 4 anos dende a matriculación doutro vehículo en análogas condicións, agas en supostos de sinistro total de vehículos, debidamente acreditado.
- Que non sexan obxecto dunha transmisión posterior por actos intervivos durante o prazo de 4 anos seguintes a data da súa matriculación .

- Os taxis, autotaxis e autoturismos.

REDUCCIÓN DO 50% DA BASE IMPOÑIBLE:

- Na matriculación de vehículos con capacidade homologada entre 5 a 9 prazas que se destinen ao uso exclusivo de familias numerosas.

REQUISITOS:

- A matriculación terá lugar a nome do pai/nai da referida familia ou de ámbolos dous conxuntamente.
- Transcorrer 4 anos dende a matriculación doutro vehículo ao amparo desta redución, agás supostos de sinistro total do vehículo debidamente acreditado.
- Non pode ser obxecto de transmisión posterior por actos intervivos durante o prazo de 4 anos seguintes á matriculación.
- Exención rogada e condicionada ao recoñecemento por parte da Axencia Tributaria.

PROCEDEMENTO:

Trátase dunha exención rogada e por tanto hai

que solicitala e ter o recoñecemento da exención por parte da Axencia Tributaria. Hai que presentar o certificado de discapacidade e/ou a resolución da incapacidade laboral do INSS ou unidades xestoras competentes.

No caso da redución hai que solicitalo e presentar o certificado de familia numerosa.

CONSIDERACIÓNS:

Os cuadrí-ciclos non lixeiros tamén quedan incluídos dentro da posible exención por persoa con discapacidade (Consulta DGT 24/11/2000).

Non procede impugnación da autoliquidación feita para solicitar devolución ingreso indebido se a matriculación do vehículo foi anterior á solicitude da exención.

Se a persoa con discapacidade falece antes dos 4 anos e se produce unha transmisión mortis causa do vehículo, non pasa nada e esa transmisión non dá lugar a autoliquidación e ingreso do imposto.

Se se incumpre o requisito de manter o vehículo durante 4 anos, anuláanse os efectos da exención e deberase ingresar as cotas correspondentes dende o día da matriculación tendo como base imponible o valor do vehículo na data de matriculación. Realizado o ingreso, poderase matricular un novo vehículo coa exención de novo.

Non se aplica a exención no caso de vehículos cuxa titularidade estea compartida por unha persoa con discapacidade con outras, xa que non se cumpre o requisito de uso exclusivo. Aplícase a exención no caso de matriculación de motocicletas.

BENEFICIOS NO ÁMBITO ADUANEIRO:

A nivel comunitario hai un réxime de franquías aduaneiras que inciden nas importacións, e determinados bens que poidan ser utilizados por persoas con discapacidade ou no seu beneficio que sexan destinados a persoas cegas ou persoas con discapacidade (mercadorías de carácter benéfico, filantrópico e obxectos):

- ◆ Mercadorías de primeira necesidade importadas por organismos estatais ou outros de carácter benéfico, filantrópico para a distribución gratuíta ás persoas.

- ◆ Mercadorías enviadas con carácter gratuíto para recadación de fondos.

- ◆ Equipo e material oficina enviados con carácter gratuíto para ser utilizadas exclusivamente para atender as necesidades e funcionamento de obxectivos benéficos ou filantrópicos.

- ◆ Mercadorías en beneficio de persoas con discapacidade:

Obxectos para persoas cegas:

- impresos, estampas, gravados e fotografías en relevo.

- papel braille, bastóns, máquinas de escribir e procesamento de textos para o seu uso e

outros detallados para o seu propio uso ou institución para a educación ou asistencia a persoas cegas autorizadas.

- ◆ As mercadorías destinadas a outras persoas con discapacidade:

- admítense con franquía de dereitos de importación os obxectos especialmente concibidos para a educación, o emprego e a promoción social das persoas con discapacidade, para o seu propio uso ou para institucións e organizacións que teñan como actividade principal a educación ou asistencia a persoas con discapacidade.

ORGANISMO COMPETENTE. Axencia Tributaria <https://sede.agenciatributaria.gob.es/>

NORMATIVA DE REFERENCIA: Lei 38/1992, de 28 de decembro, de Impostos Especiais – Real decreto 774/2066, de 23 de xuño, que modifica o Regulamento dos impostos (RD 1165/1995, de 7 xullo) – Lei 51/2007, de 25 de decembro, de Orzamentos xerais do Estado – Real Decreto 27/2003, de 10 de xaneiro.

PATRIMONIO PROTEXIDO DAS PERSOAS CON DISCAPACIDADE

Mecanismo para protexer ás persoas con discapacidade, que está constituído por conxunto de bens e dereitos aportados a título gratuíto, así como os froitos, produtos e rendementos destes, quedando afectos todos eles, a cubrir as necesidades vitais dos seus titulares e o beneficiario ou ao mantemento da produtividade do citado patrimonio.

APORTACIÓNS AO PATRIMONIO PROTEXIDO:

- Pode efectuarse calquera persoa con interese lexítimo, co consentimento da persoa con discapacidade.

- Poden realizarse no momento da constitución ou a posteriori (en calquera suposto realizárase coas mesmas formalidades).

- Realizadas a título gratuíto e non sometidas a termo.

- Pódese dar destino aos bens aportados.

FORMALIDADES:

- Constancia rexistral sobre dita condición de ser patrimonio protexido, en caso de ben inmovible ou dereito real.

- Constitución e calquera aportación posterior, ha de constituírse en documento público ou por resolución xurídica.

- Contido: inventario, determinación regras administración e fiscalización, calquera outra disposición oportuna sobre a conservación.

- Comunicación por parte dos notarios sobre a constitucións e contido, a fiscalía.

- Os feitos e actos que son susceptibles de inscrición no Rexistro Civil, o Regulamento UE

2016/1191, do Parlamento Europeo e do Consello, do 6 de xullo de 2016, sobre recoñecemento de documentos públicos entre países membros da Unión Europea. Este Regulamento, aplicable na súa totalidade dende o 16/02/2019, simplifica a circulación de determinados documentos públicos.

PERSOAS QUE PODEN CONSTITUÍR O PATRIMONIO PROTEXIDO:

- » A propia persoa con discapacidade beneficiaria.
- » Aquelas que lle presten apoio á persoa con discapacidade.
- » A persoa comisaria ou titular da fiducia sucesoria se está prevista na lexislación civil.
- » Calquera persoa con interese lexítimo poderá solicitar da persoa con discapacidade, co apoio que requira, a constitución dun patrimonio protexido, ofrecendo ao mesmo tempo unha achega de bens e dereitos adecuados, suficiente para ese fin.

BENEFICIARIA DO PATRIMONIO PROTEXIDO:

- Persoa con discapacidade intelectual igual (psíquica) ou superior ao 33%.
- Persoa con discapacidade física ou sensorial en grao igual ou superior ao 65%.

ADMINISTRACIÓN DO PATRIMONIO:

- Constituído pola propia persoa con discapacidade: regras establecidas no documento de constitución.

- Constituído por outras persoas: as regras de administración previstas no documento público de constitución podendo establecerse os apoios ou salvagardas que se consideren convenientes, xa sexa polo propio constituínte ou aportante ou pola autoridade xudicial, de oficio ou a solicitude do Ministerio Fiscal ou daquelas persoas lexitimadas para promover a adopción de medidas de apoio respecto do titular do patrimonio protexido.

IMPLICACIÓNS TRIBUTARIAS, BENEFICIOS EN:

Imposto de transmisi3ns patrimoniais e actos xurídicos documentados. Exención nas 3 modalidades do imposto, agás a cota fixa dos documentos notariais.

Imposto sobre sucesións e doazóns: os incrementos patrimoniais derivados das aportacións a patrimonios protexidos de persoas con discapacidade están suxeitos ao Imposto, e só algunhas Comunidades Autónomas establecen bonificacións e exencións. Galicia non.

IRPF: recolle un tratamento diferenciado sobre a tributación da persoa con discapacidade como rendementos de traballo, cuns límites.

NORMATIVA. Lei 41/2003, de 18 de novembro.

IMPOSTOS MUNICIPAIS

IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES ECONÓMICAS (IAE)

CONCEPTO:

Imposto directo de carácter real que grava o exercicio en territorio nacional, de actividades empresariais, profesionais, artísticas, coa finalidade de intervir na produción ou distribución de bens ou servizos.

BENEFICIOS FISCAIS: EXENCIÓNS

- A actividade de entidades ou fundacións declaradas de utilidade pública sen ánimo de lucro que realicen ensinos, en rexime de concerto educativo.
- Asociacións e fundacións de persoas con discapacidade, sen ánimo de lucro, pola realización de actividades de carácter pedag3xico, científico, asistencial, de emprego que para o ensino, educación, rehabilitación e tutela de persoas con discapacidade, aínda que vendan produtos resultantes dos talleres dedicados a ditos fins, sempre que o importe de dita venda se destine exclusivamente á adquisición de materias primas ou ao sostemento do establecemento.

PROCEDEMENTO: Exención de carácter rogado previa solicitude pola entidade ante a Administración Local.

IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA CONCEPTO:

Imposto directo de xestión municipal, que grava a titularidade dos vehículos aptos para circular polas vías públicas, calquera que sexa a súa clase e categoría. Considérase vehículo apto para a circulación o que estea inscrito nos rexistros públicos de vehículos mentres non causaran baixa neles. Tamén se consideraran aptos os vehículos provistos de permisos temporais e matrícula turística.

BENEFICIOS FISCAIS: EXENCIÓNS

a) Vehículos para persoas con mobilidade reducida.

b) Vehículos matriculados a nome de persoas con discapacidade para o seu uso exclusivo, mentres:

- Se manteñan ditas circunstancias.
- Tanto vehículos conducidos pola persoa con discapacidade como os destinados ao seu transporte.

Requisitos xerais:

- Exención non aplicable a máis dun vehículo simultaneamente.
- Consideración de persoa con discapacidade a que teña o certificado do grao de discapacidade emitido polos Equipos de Valoración. A equiparación no caso das persoas pensionistas non procede con carácter xeral, só se ven previsto na Ordenanza Fiscal Municipal.

- Exención rogada previa solicitude por parte da persoa con discapacidade ou solicitante.

- Terase que indicar as características do vehículo, a matrícula e a causa do beneficio. A Administración municipal expedirá un documento que acredite a concesión da exención.

- Terase que aportar o certificado de discapacidade.

- Terase que xustificar o destino do vehículo ante o concello da forma prevista na correspondente Ordenanza.

IMPOSTO SOBRE OBRAS, CONSTRUCCIÓN E INSTALACIÓNS

CONCEPTO:

Imposto indirecto cuxo feito imponible está constituído pola realización, dentro do termo municipal, de calquera construción, instalación ou obra para a que se esixa obtención da correspondente licenza de obras ou urbanística, obtíverase ou non dita licenza, ou para a que se esixa presentación de declaración responsable ou comunicación.

BENEFICIOS FISCAIS: BONIFICACIÓNS

a) Bonificación de ata o 95% a favor das construcións, instalacións ou obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico artísticas ou de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración.

b) Bonificación de ata o 95% a favor das construcións, instalacións ou obras nas que se incorporen sistemas para o aproveitamento térmico ou eléctrico da enerxía solar.

c) Bonificación de ata o 50% a favor das construcións, instalacións ou obras vinculadas aos plans de fomento dos investimentos privados en infraestruturas.

d) Bonificación de ata o 50% a favor das construcións, instalacións ou obras referentes ás vivendas de protección oficial.

e) Bonificación de ata o 90% a favor das construcións, instalacións ou obras que favorezan as condicións de acceso e habitabilidade das persoas con discapacidade. A bonificación prevista neste parágrafo aplicarase á cota resultante de aplicar, no seu caso, ás bonificacións nos parágrafos anteriores.

Hai que consultar as ordenanzas fiscais de cada concello, que establecera as bonificacións concretas en cada termo municipal.

Os concellos tenen que ter en conta que entra dentro do concepto de inversións financeiras sostibles aquelas realizadas por parte do concello, e que se dirixen á xestión do patrimonio,

no que se poderán incluír as aplicadas á rehabilitación, reparación e mellora de infraestruturas e inmobles propiedade da entidade local afectos ao servizo público incluíndo as actuacións de adaptación de infraestruturas que permitan a accesibilidade universal para persoas con discapacidade e persoas maiores.

Cando exista gasto de investimento nestes últimos grupos de programas e se incorra nun gasto de investimento no conxunto de grupos de programas citados neste apartado superior a 15 millóns de euros ou ao 40% do gasto non financeiro total da entidade local respectiva e supoña incremento dos capítulos 1 ou 2 do estado de gastos vinculado aos proxectos de investimento requirirase autorización previa da Secretaría Xeral de Financiamento Autonómico e Local, do Ministerio de Facenda e Función Pública. Regulado na Disposición Adicional 16a.

ORGANISMO COMPETENTE. Administración municipal.

NORMATIVA: Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba a Lei reguladora de Facendas Locais.

OUTROS RECURSOS DE INTERESE:

Réxime gratuíto de contas de pagamento básicas en beneficio de persoas en situación de vulnerabilidade ou exclusión social.

CONCEPTO: Consiste nun réxime de condicións das contas de pagamento básicas, establecidas polo Real Decreto-Lei 19/2017, do 24 de novembro, máis vantaxoso en materia de comisións en función da especial situación de vulnerabilidade ou risco de exclusión social financeira dos titulares de ditas contas, consistente na gratuidade dos servizos. Para iso, acreditarase a situación especial de vulnerabilidade ou risco de exclusión financeira.

BENEFICIOS FISCAIS: BONIFICACIÓNS

Os aspectos a ter en conta, para as persoas con discapacidade, son os seguintes:

- Incrementarase o umbral dos ingresos computados anualmente e por unidade familiar, no caso das persoas con discapacidade, que acudan as entidades financeiras, e desexen abrir unha conta de banco básica.
- O triplo indicador público de rente a efectos múltiples de doce pagas, vixente no momento de efectuar a solicitude, cando se trate de

unidades familiares que teñan no seu seo a unha persoa cun grao de discapacidade igual ou superior ao 33%, recoñecido oficialmente e por resolución expedida polo Instituto de Maiores e Servizos Sociais, ou polo órgano competente das comunidades autónomas.

- O concepto de unidade familiar, nas súas diversas modalidades, estará establecido no artigo 82 da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e da modificación parcial das leis dos Impostos sobre Sociedades, sobre a Renda de non Residentes e sobre o Patrimonio, se ben, aos efectos do disposto no RD 164/2017, do 22 de marzo, terán a mesma consideración que os cónxuxes non separadas legalmente, as parellas de feito constituídas de conformidade, cos requisitos que lles fosen esixibles.

NORMATIVA. Real Decreto 164/2017, de 22 de marzo, polo que se establece un réxime gratuíto de contas de pago básicas en beneficio de persoas en situación de vulnerabilidade ou con risco de exclusión financeira.